

BASES DO VII CONCURSO DE RELATOS CURTOS “Manuel Fabeiro Gómez” CEIP Ramón de Artaza

1.- CONVOCATORIA

O CEIP Ramón de Artaza , a través do Equipo da Biblioteca e do EDLG, convoca o VII Concurso escolar de relatos curtos “Manuel Fabeiro Gómez”, co obxectivo de fomentar e incentivar o valor da expresión escrita entre a nosa comunidade educativa.

2.- TEMA

O tema anual traballado durante este curso é **“AMARE MUROS”** por iso convídase a participar neste concurso, facendo referencia ao tema central ou calquera anécdota, experiencia vivida ou imaxinaria que teña algunha relación co tema (Obxectivos de Desenvolvemento Sustentables, sostibilidade no noso concello...)

3.- PARTICIPANTES

Poderá participar todo o alumnado das diferentes etapas educativas así como adultos/as interesados/as, organizados nas seguintes categorías:

- 1ª Categoría: Alumnado de Infantil
- 2ª categoría: Alumnado de 1º e 2º de Primaria.
- 3ª categoría: Alumnado de 3º e 4º de Primaria.
- 4ª categoría: Alumnado de 5º e 6º de Primaria.
- 5ª categoría: Adultos (familiares, antigo alumnado, alumnado dos IES do concello).

4.- FORMATO DOS TRABALLOS.

O traballo deberá remitirse escrito en lingua galega, deberá ser orixinal e inédito (esto é, non debe ter sido publicado en ningún medio ou soporte) e non

deberá ter recibido previamente ningún premio nouro certame ou concurso.

Os traballos poden presentarse manuscritos ou en formato dixital e o alumnado realizarao durante a xornada lectiva para garantir a súa orixinalidade e autoría, non privando da posibilidade da corrección ortográfica ou orientacións por parte dos mestres/as na aula.

Os textos serán asinados cun pseudónimo o mesmo que irá na parte exterior dun sobre. Dentro do sobre pechado figurarán os datos dos participantes: nome completo e curso, no caso do alumnado; nome completo e DNI e teléfono de contacto, no caso dos antigos alumnos ou adultos participantes.

1ª categoría: Un debuxo relacionado co tema e algunha palabra ou frase en relación ao debuxo. Poderá ser individual ou de grupo.

2ª Categoría: Un relato curto cun mínimo de 60 palabras e máx. de 100 acompañado dunha ilustración. Poderá ser presentado de xeito individual ou de pequeno grupo/parellas.

3ª Categoría: Relato curto con un mínimo de 100 e un máximo de 150 palabras. Individual

4ª Categoría: Entre 150- 200 palabras. Individual

5ª Categoría: Entre 200 e 300 palabras. Individual

5.- PRAZO DE ENTREGA.

O PRAZO DE PRESENTACIÓN FINALIZARÁ O **XOVES, 16 DE MAIO DE 2024**

Os traballos do alumnado entregaranse aos titores/as que o farán chegar á Xefatura de Estudos. As persoas que concorren na 5ª categoría poderán achegar os seus traballos para ser ser recollidos na conserxería do centro ou envialos directamente polos seus fillos/as. O alumnado do IES Fontexería e As Insuas poderán deixalos na secretaría do seu centro e pasaremos a recollelos.

6.- PREMIOS

Categorías 1ª e 2ª: Diploma e lote de libros e/ou xogos educativos.

Categorías 3ª: Diploma e Vale de 50€ para trocar na librería Gallardo de Muros antes de finalizar o curso escolar.

Categorías 4ª: Diploma e Vale de 50€ para trocar na librería Gallardo de Muros antes de finalizar o curso escolar.

Categorías 5ª: Diploma e Vale de 100€ para trocar na librería Gallardo de Muros antes de finalizar o curso escolar.

Os premios entregaranse na nosa escola o día da celebración De Fin de Curso.

7.- XURADO.

O xurado estará composto por:

- A directora do centro ou persoa na que delegue.
- Tres membros do Equipo de Dinamización de Lingua Galega.
- Tres membros do Equipo da Biblioteca Escolar.

* A participación neste concurso implica a aceptación da difusión dos traballos gañadores na blog da biblioteca e web do centro.

Muros, 4 de abril de 2024.

Equipo da Biblioteca Escolar e EDLG.

